

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015743	IES Arcebispo Xelmírez I	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	2ª Lingua estranxeira - Alemán	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	17
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	22
7.2. Actividades complementarias	23
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	24
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	25
9. Outros apartados	26

1. Introducción

1. O Instituto de Educación Secundaria Arcebispo Xelmírez I é, xunto cos IES Salvador de Madariaga (da Coruña), Lucus Augusti (de Lugo), Sánchez Cantón (de Pontevedra) e Otero Pedraio (de Ourense), un dos cinco institutos históricos do país, e o segundo máis antigo. Creouse en 1845, coincidindo co chamado plan Pidal, é dicir, co Real decreto atendendo a necesidade de organizar do modo máis conveniente a instrución pública do reino na parte relativa aos ensinos secundario e superior (Gaceta de Madrid, 25 de setembro de 1845). Nos primeiros tempos compartiu profesorado e aulas coa universidade. Tivo varias denominacións, e en 1942 pasou a chamarse Instituto Nacional de Segunda Ensinanza Arcebispo Xelmírez.

O instituto tivo a súa primeira localización no Pazo de San Xerome, onde actualmente se atopa a reitoría da Universidade de Santiago de Compostela. Despois mudouse para a praza de Mazarelos (que moita xente aínda coñece como praza do Instituto), para o edificio que hoxe ocupa a Facultade de Filosofía da USC. En 1965 trasladouse para o edificio que desde 1984 alberga os servizos centrais da Administración da Xunta de Galicia, en San Caetano. A sede actual do instituto atópase na avenida das Burgas, no Campus Vida da USC, e consta de dous edificios: aquel onde se atopan a aula magna, as aulas, os laboratorios, as bibliotecas (a xeral e mais a antiga, que posúe un fondo duns 7.000 volumes do histórico Instituto de Santiago), os despachos dos departamentos e do equipo directivo, a oficina administrativa, a bedelaría, o laboratorio-museo (unha mostra do material científico de segundo ensino do século XIX, que contén máis de 450 pezas ou pequenas coleccións que formaron parte do laboratorio de Química e dos gabinetes de Física e de Historia natural do Instituto de Santiago), o arquivo histórico e mais a cafetería; e o edificio onde se atopan o salón de actos e o pavillón de deportes.

No instituto cursan os seus estudos ao redor de 950 alumnos (educación secundaria obrigatoria, bacharelato, EBI, educación secundaria e bacharelato para persoas adultas, e ciclo).

Na ESO hai tres grupos por curso e no bacharelato catro. No bacharelato ofrécense dúas modalidades: a de ciencias e mais a de humanidades e ciencias sociais (cos dous itinerarios de humanidades e ciencias sociais). O alumnado procede maioritariamente de familias cun nivel de renda medio, con ingresos procedentes do sector terciario. Dous terzos do alumnado é de extracción urbana, mentres o resto procede do ámbito rural e de concellos limítrofes.

O claustro está composto por uns 85 profesores, que forman parte dos 20 departamentos didácticos. O equipo directivo está formado polo director, a vicedirectora, a secretaria, o xefe de estudos diurnos e mais o xefe de estudos nocturnos. O cadro do persoal de administración e servizos está composto por 11 persoas, e existe tamén unha asociación de nais e pais do alumnado. O consello escolar está composto polo director, a secretaria, os xefes de estudos, sete representantes do profesorado, tres representantes das nais e dos pais do alumnado, catro representantes do alumnado, un representante do persoal administrativo e de servizos e un representante do Concello de Santiago de Compostela.

Para potenciar o uso da lingua galega, o instituto conta cun equipo de dinamización lingüística integrado por tres profesores, tres alumnos e un membro do persoal de administración e servizos.

En canto ás actividades extraescolares, o centro organiza obradoiros voluntarios, que teñen lugar polas tardes. A Asociación de Nais e Pais de Alumnos adoita ofrecer actividades varias.

2. De acordo coa Lei orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (BOE do 4), modificada por última vez pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola cal se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 30), o dominio dunha segunda e mesmo dunha terceira lingua estranxeira converteuse nunha prioridade na educación. O alumnado debe poder desenvolverse con fluidez polo

menos nunha primeira lingua estranxeira. Polo tanto, na ESO e no bacharelato, a primeira lingua estranxeira é unha materia obrigatoria, mentres a segunda lingua estranxeira é unha materia optativa. Nos cursos 1º a 3º da ESO, a administración

educativa ten a opción de incluír unha segunda lingua estranxeira entre as materias obrigatorias.

No Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo cal se establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015; corrección de erros do 1 de maio de 2015), determínase que:

Na educación secundaria obrigatoria: Un dos obxectivos é comprender e expresarse nunha ou en varias linguas estranxeiras dun xeito apropiado.

A materia de lingua estranxeira é troncal.

A materia de segunda lingua estranxeira é específica.

No bacharelato:

Un dos obxectivos é expresarse con fluidez e corrección nunha ou en varias linguas estranxeiras.

A materia de lingua estranxeira é troncal.

A materia de segunda lingua estranxeira é específica.

No real decreto tamén se describen polo miúdo as materias de lingua estranxeira e segunda lingua estranxeira: Preséntanse os contidos e os criterios de avaliación que conforman o currículo básico da materia. Os contidos e os criterios de avaliación están organizados en tres grandes bloques: 1º. O bloque de «Comunicación» abarca os saberes que é necesario mobilizar para o desenvolvemento das actividades comunicativas de comprensión, produción, interacción e mediación, incluídos os relacionados coa procura de fontes de información e a xestión das fontes consultadas.

2º. O bloque de «Plurilingüismo» integra os saberes relacionados coa capacidade de reflexionar sobre o funcionamento das linguas, co fin de contribuír á aprendizaxe da lingua estranxeira e á mellora das linguas que conforman o repertorio lingüístico do alumnado.

3º. Por último, no bloque de «Interculturalidade» agrúpanse os saberes sobre as culturas vehiculadas a través da lingua estranxeira, e a súa valoración como oportunidade de enriquecemento e de relación cos demais. Inclúense tamén neste bloque os saberes orientados ao desenvolvemento de actitudes de interese por entender e apreciar outras linguas, variedades lingüísticas e culturas.

3. O incremento das relacións internacionais por motivos educativos, laborais, profesionais, culturais, turísticos e de acceso aos medios de comunicación, entre outros, fai que o coñecemento de linguas estranxeiras sexa unha necesidade crecente na sociedade actual. Ademais, o desenvolvemento de novas tecnoloxías converte as linguas estranxeiras nun instrumento indispensable para a inserción no mundo laboral e a comunicación en xeral.

O dominio de linguas estranxeiras implica a posibilidade de acceder a outras culturas, costumes e idiosincrasias ao tempo que facilita e fomenta as relacións interpersoais, favorece unha formación integral do individuo mediante o desenvolvemento do respecto a outros países, aos seus falantes e ás súas culturas, e permite comprender mellor a lingua propia.

A integración na Unión Europea de países con falantes de linguas diversas tamén fai preciso o coñecemento de linguas estranxeiras para facilitar a comunicación entre os membros desta ampla comunidade. Neste contexto, recoñécese o papel das linguas estranxeiras como elemento clave na construción da identidade europea: unha identidade plurilingüe e multicultural, así como un dos factores que favorece a libre circulación de persoas e facilita a cooperación cultural, económica, técnica e científica entre os países.

Todas estas razóns levan a considerar a necesidade de que o alumnado da educación secundaria obrigatoria remate os seus estudos co coñecemento de, polo menos, dúas linguas diferentes da propia. O alumnado que acceda ao bacharelato debe levar, polo tanto, unha bagaxe de coñecemento da lingua estranxeira que lle permita desenvolverse en situacións habituais de comunicación. Nesta etapa é necesario fomentar máis a autonomía do alumnado, xa que as necesidades e os intereses de futuro de cada alumno estarán xa perfilados con maior precisión. De modo que a aprendizaxe da lingua estranxeira no bacharelato suporá, por unha banda, a prolongación e a consolidación do que xa se coñece e, por outra banda, un desenvolvemento de capacidades máis especializadas en función dos intereses profesionais e académicos que guiarán o futuro laboral do alumno.

O Consello de Europa insiste na necesidade de que as persoas desenvolvan competencias suficientes para relacionarse con outros membros dos países europeos. En consecuencia, estima que se lle debe dar un novo pulo ao ensino de idiomas que axude a desenvolver a idea de cidadanía europea e recomenda a adquisición dun certo nivel de competencia comunicativa en máis dunha lingua estranxeira durante a etapa da educación secundaria obrigatoria. Na etapa posterior do bacharelato débense desenvolver aínda máis os mecanismos que lle permitan ao alumnado continuar a aprendizaxe de idiomas durante a vida adulta.

Por este motivo, o Consello de Europa establece un Marco común europeo de referencia para a aprendizaxe, o ensino e a avaliación das linguas, onde indica que, para desenvolver progresivamente a competencia comunicativa nunha determinada lingua, o alumnado debe ser quen de levar a cabo unha serie de tarefas de comunicación. Estas tarefas configuran un conxunto de accións que teñen unha finalidade comunicativa concreta dentro dun ámbito específico. Para a súa realización actívase a competencia comunicativa, pónense en xogo diversas estratexias e utilízanse diferentes destrezas lingüísticas e discursivas de forma contextualizada. Polo tanto, as actividades en que se usa a lingua estranxeira están enmarcadas en ámbitos que poden ser de tipo público (todo o relacionado coa interacción social cotiá), persoal (as relacións familiares e as prácticas sociais individuais), laboral ou educativo. A competencia comunicativa, que se desenvolverá no proceso de realización de tarefas de comunicación, incluírá as seguintes subcompetencias: competencia lingüística (elementos semánticos, morfo-sintácticos e fonolóxicos), competencia pragmática ou discursiva (funcións, actos da fala, conversa, etc.) e competencia sociolingüística (convencións sociais, intención comunicativa, rexistros, etc.). A competencia estratéxica poderase incluír tamén como subcompetencia da competencia comunicativa.

O alumnado utilizará estratexias de comunicación de forma natural e sistemática coa finalidade de facer eficaces os actos de comunicación realizados a través das destrezas comunicativas. As destrezas que se desenvolverán serán: produtivas (expresión oral e escrita), receptivas (comprensión oral e escrita e interpretación de códigos non verbais) e baseadas sobre a interacción ou a mediación.

Xunto co exposto anteriormente, o proceso de ensino e aprendizaxe de linguas estranxeiras contribuirá á formación educativa do alumnado desde unha perspectiva global que favoreza o desenvolvemento da súa personalidade, a integración social, as posibilidades de acceso a datos de interese, etc. Na etapa educativa do bacharelato, os idiomas utilizaranse especialmente para promover a formación intelectual e para acceder a informacións específicas propias doutras áreas de coñecemento, que lle permitan ao alumnado estar en contacto cos cambios permanentes no saber científico, humanístico e tecnolóxico.

Deste xeito, a educación secundaria obrigatoria propiciará que os alumnos que hoxe se están a formar coñezan formas de vida e de organización social diferentes das nosas, melloren a súa capacidade de empatía, diversifiquen as súas canles de información e establezan relacións caracterizadas pola tolerancia social e cultural, mentres o bacharelato propiciará que o avance no coñecemento contribúa a ampliar o horizonte de cada alumno, a que afonde no achegamento a formas de vida e de organización social diferentes das nosas, a intercambiar opinións sobre problemas que se comparten internacionalmente, a diversificar os seus intereses profesionais e a consolidar valores sociais que favorezan o encontro nun mundo onde a comunicación internacional está cada vez máis presente.

4. Este documento elabórase de acordo coa seguinte normativa:

- Artigo 91.1.i) da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 4), ratificado pola Lei orgánica 3/2020, de 29 de decembro, e modificada por última vez pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola cal se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 30), que establece que entre as funcións dos profesores se atopa a da "coordinación das actividades docentes [...] que lles sexan encomendadas".

- Artigo 4 da ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 16 de maio), que dispón: "1. Desde o día 1 de setembro de 2023 ata o inicio das actividades lectivas, [...] o profesorado dos centros docentes públicos [...], baixo a dirección das persoas responsables [...], dedicarase a adaptar e, de ser o caso, elaborar, a programación didáctica das áreas, materias, ámbitos ou módulos das ensinanzas correspondentes considerando as propostas de mellora recollidas nas memorias de final de curso e a organizar o curso escolar. A xefatura de estudos velará polo cumprimento destas actividades de inicio de curso.

2. Antes do inicio das actividades lectivas, o profesorado responsable de cada departamento, da coordinación de ciclo e a titora ou o titor de curso entregará a programación didáctica á xefatura de estudos. Con carácter xeral, a dirección do centro remitirá as programacións didácticas á Inspección educativa antes do día 20 de setembro.

No caso das programacións didácticas de segundo, cuarto e sexto cursos de educación primaria, de segundo e cuarto cursos de educación secundaria obrigatoria, de segundo curso de bacharelato e das programacións dos ámbitos de Comunicación e Ciencias Sociais e de Ciencias Aplicadas do segundo curso dos ciclos formativos de grao básico, a dirección do centro remitirá as programacións didácticas á Inspección educativa antes do 1 de decembro."

- Artigo 20, Programacións didácticas, da RESOLUCIÓN do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24, que establece: "1. O profesorado dos centros docentes, baixo a coordinación das xefaturas dos departamentos didácticos ou das persoas coordinadoras de ciclo, desenvolverá o currículo establecido mediante a programación didáctica de cada área, materia ou ámbito de cada curso do segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria ou de bacharelato que teña encomendada na organización docente do centro.

2. A programación didáctica elaborárase por nivel educativo para cada unha das áreas, materias e ámbitos e será a mesma para todos os grupos do nivel."

A continuación, a mesma disposición detalla os elementos que debe conter a programación didáctica.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información relevante e predicible en textos sinxelos e ben estruturados, en lingua estándar relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do nivel escolar, e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.	2-3	1-2	1	1	5			2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Producir textos de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma adecuada e coherente mensaxes que respondan a propósitos comunicativos cotiáns.	1	1-2	1	2	5		1	3
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións sinxelas, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3		
OBX4 - Mediar entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos simples, resumir ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer, ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-5			
OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais.	5	3			1-3	3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Wie schmeckt's?	Comidas típicas, costumes culinarios e hábitos de alimentación nos países de fala alemá. Comparación de comidas e alimentación entre Galicia e os países de fala alemá. Petición e ofrecemento de información e	17	18	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Wie schmeckt's?	expresión de gustos e preferencias de alimentación. Descrición de calidades físicas e abstractas de comidas e bebidas. Expresión de peticións e gustos nun restaurante. Descrición de receitas e da súa elaboración. Léxico relacionado con comidas, bebidas, medidas e cantidades, receitas, comidas típicas, comer nun restaurante. Adxectivos para cualificar a comida e a bebida. As preposicións de dativo. Repaso das formas de dativo en determinantes e posesivos. A estrutura ich hätte gern. A entoación.	17	18	X		
2	Leseratten	Rexistro, fórmulas e estilos axeitados á situación de comunicación: a historia de suspense. Elementos socioculturais que se presentan nos textos: a fórmula de cortesía (vostede, vostedes) entre o profesorado e o alumnado en Alemaña. Descrición de actividades e situacións. Formulación de hipóteses e suposicións. Léxico relacionado coas historias de suspense. O Präteritum dos verbos modais. Repaso do Präteritum dos verbos sein e haben. Repaso de interrogativos. A entoación.	16	17	X		
3	"Geld regiert die Welt"	Coñecemento e comparación de diferentes formas de representar o valor dos cartos noutras culturas . Comparación das formas de obter cartos (propinas e traballos) da xente moza nos países de lingua alemá coas do noso país. A confianza entre pais e fillos. Refráns e modismos en alemán sobre os cartos. Equivalentes en galego. Valoración da lingua alemá como medio de comunicación. Descrición de actividades e traballos axeitados para a xente moza. Petición e ofrecemento de información sobre a paga, o aforro e o traballo da xente moza. Expresión da vontade e da finalidade. Expresión de opinións, acordo e desacordo e réplica. Léxico relacionado co mundo dos cartos, a paga, o aforro e os traballos para a xente moza.	17	18		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	"Geld regiert die Welt"	<p>A oración subordinada con damit. O conector trotzdem. Os interrogativos Wofür? e Für wen?. Repaso das preposicións temporais . A entoación e a pronuncia</p>	17	18		X	
4	Dies und das	<p>Festas populares e celebracións habituais nos países de fala alemá. O tempo. Semellanzas e diferenzas entre Galicia e Alemaña. Descrición sinxela de actividades e festas populares. Narración de acontecementos estando de viaxe. Petición e ofrecemento da información. Formulación de hipóteses. Estabelecemento e mantemento da comunicación e organización do discurso. Léxico relacionado coas celebracións e do as festas populares nos países de fala alemá e co outras do mundo. Léxico relacionado co tempo e co clima. As estruturas formal e informal nunha postal. A estrutura nicht (nur)... sondern (auch). Repaso da posición do verbo na oración e da conxugación verbal. A entoación e a pronuncia.</p>	16	17		X	
5	Talente gesucht	<p>Comparación entre os diferentes concursos televisivos dos países de fala alemá e os de Galicia. Recoñecemento do rexistro e mais das fórmulas e estilos axeitados á situación de comunicación. Respecto polos gustos e as opinións dos demais e comprensión de distintas perspectivas socioculturais. Valoración da lingua alemá como medio de comunicación e recoñecemento de elementos socioculturais nos textos orais. Descrición de actividades e calidades físicas e abstractas de persoas . Expresión de interese, aprobación ou desacordo. Formulación de desexos e ideas de futuro. Estabelecemento e mantemento da comunicación e organización do discurso. Léxico relacionado con capacidades e calidades. A declinación do adxectivo en dativo. O pronome interrogativo welcher. O verbo werden. A entoación e a pronuncia.</p>	17	18			X
6	Heute hier, morgen dort	<p>Aspectos típicos dos países de fala alemá. Intercambios escolares. Residir e estudar nun país estranxeiro.</p>	17	17			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Heute hier, morgen dort	Descrición de costumes, lugares e actividades. Narración de experiencias e acontecementos puntuais. Petición e ofrecemento da información, consellos, opinións e puntos de vista. Expresión da vontade e do interese. Formulación de suxestións . Estabelecemento e mantemento da comunicación e organización do discurso. Léxico relacionado cos intercambios. As interrogativas indirectas. Os indefinidos (alle, viele, jemand, etc.) . Distinción dos acentos dos estranxeiros. A entoación e a pronuncia	17	17			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Wie schmeckt's?	18

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer o sentido global e algúns detalles importantes de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, dos ámbitos persoal, educativo e público próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	Comprende mensaxes orais e escritas relacionadas coas actividades da aula: preguntas, comentarios, diálogos. Comprende da información global e as ideas principais en textos de diferente tipoloxía. Comprende de información específica en textos sobre costumes e hábitos de alimentación .	PE	40
CA1.7 - Producir textos breves e comprensibles, tanto en conversa cara a cara como por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, expresando opinións, facendo invitacións e ofrecementos, solicitando e dando indicacións ou instrucións, ou os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, facéndose comprender mediante estratexias de ampliación, repetición ou procedementos paralingüísticos.	Valora a corrección formal de mensaxes escritas. Produce textos con léxico adecuado e elementos de cohesión para relacionar ideas. Utiliza o rexistro axeitado para o lector a quen vai dirixido o texto . Mostra interese pola presentación coidada.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.13 - Interaccionar, utilizando os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos, relativos á vida cotiá, condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional), comportamento (posturas, expresións faciais, volume da voz, contacto visual e proxémica), e convencións sociais (actitudes, normas e valores), axustando a mensaxe á persoa destinataria e ao propósito comunicativo, e amosando empatía e a cortesía debida.	Participa en conversas sobre costumes e hábitos de alimentación, mostrando respecto cara aos erros dos demais. Respecta a quenda de palabra. Compensa carencias lingüísticas usando palabras de significado parecido, parafraseando, sinalando obxectos e empregando a linguaxe corporal.	TI	60
CA2.3 - Comparar e argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico, reflexionando sobre o seu funcionamento.	Mobiliza e coordina as propias competencias xerais e comunicativas para realizar eficazmente a tarefa. Localiza e usa adecuadamente recursos lingüísticos ou temáticos.		
CA3.3 - Incorporar a crítica e a reflexión para adquirir valores, como o respecto á diversidade lingüística, á igualdade e á inclusión, e desenvolver unha visión empática para convivir nunha sociedade intercultural.	Coñece comidas típicas, costumes culinarios e hábitos de alimentación nos países de fala alemá. Compara comidas e alimentación entre Galicia e os países de fala alemá. Valora a lingua alemá como medio de comunicación. Recoñece elementos socioculturais nos textos orais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Manifestación de autoconfianza. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Utilización de léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación, formación e sistema escolar. - Utilización de estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas do repertorio lingüístico propio. - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.

UD	Título da UD	Duración
2	Leseratten	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender o esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais básicos, lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades cotiás, materias que se cursan etc.), expresada nun rexistro neutro nun repertorio básico de palabras e frases e, no caso da oralidade, se se fala con ritmo pausado e con claridade.	Extrae e comprende ideas principais e secundarias de textos orais e escritos utilizando diferentes estratexias. Comprende mensaxes en medios audiovisuais se utilizan unha linguaxe clara e sinxela.	PE	40
CA1.8 - Redactar e difundir textos breves e sinxelos con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, usando estruturas e léxico básico de uso común, nun rexistro neutro, respectando as convencións ortográficas básicas, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente, sobre asuntos próximos, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Localiza e usa adecuadamente recursos lingüísticos. Utiliza estratexias básicas no proceso de composición escrita (planificación, textualización e revisión). Expresa a mensaxe con claridade e coherencia estruturándoa axeitadamente e axustándose ao modelos e fórmulas de cada tipo de texto.		
CA1.14 - Utilizar en contornos próximos estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación; tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións.	Inicia e mantén relacións persoais e sociais na clase. É quen de explicar motivos e argumentar. Describe actividades e situacións. Formula hipóteses e suposicións. Estabelece e mantén a comunicación e organiza o discurso.	TI	60
CA2.4 - Utilizar os coñecementos, estratexias e experiencias das linguas do seu repertorio lingüístico para comprender e producir textos, e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Mobiliza coñecementos previos de outras linguas e coordina as propias competencias xerais e comunicativas para realizar eficazmente a tarefa. Localiza e usa adecuadamente recursos lingüísticos ou temáticos.		
CA3.4 - Identificar os aspectos cognitivos, afectivos e comportamentais que forman parte da competencia lingüística e da competencia cultural, valorando o plurilingüismo como salvagarda das especificidades culturais.	Valora a lingua alemá como medio de comunicación. Recoñece elementos socioculturais que se presentan nos textos orais: a fórmula de cortesía (vostede, vostedes) entre o profesorado e o alumnado en Alemaña.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso de estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais contextualizados. - Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións, procesos fonolóxicos máis básicos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración, e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar) tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. - Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.

UD	Título da UD	Duración
3	"Geld regiert die Welt"	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Completar formularios e documentos básicos nos que se solicite información persoal, en soporte tanto impreso como dixital.	Usa correctamente a ortografía e dos diferentes signos de puntuación. Mostra interese pola presentación coidada dos textos escritos, en soporte papel ou dixital.	PE	20
CA1.3 - Aplicar as estratexias, recursos e coñecementos máis adecuados (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), en situacións comunicativas cotiáns para comprender o sentido xeral, a información esencial e detalles relevantes dos textos, deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas; e interpretar elementos non verbais.	Usa estratexias de comprensión de mensaxes orais e escritas: contexto, coñecementos previos, palabras clave, actitude do falante. Distingue o sentido xeral e a información relevante. Infere significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos	TI	80
CA1.15 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Mobiliza e apoiarse en e sacar o máximo proveito dos coñecementos previos. Infere significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos: emprega sinónimos, parafrasea, xestícula, etc.		
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos co outros participantes.	Ordena o vocabulario aprendido. Usa estratexias de comprensión oral e escrita. Emprega instrumentos e ferramentas de autoavaliación ("das kann ich") e o portfolio.		
CA3.5 - Valorar positivamente a diversidade cultural a través do uso activo de linguas, saberes e coñecementos de procedencia cultural distinta co obxectivo de contribuír á cohesión social desde valores ecosociais.	Aprehende diferentes formas de representar o valor dos cartos noutras do culturas. Compara o acceso aos cartos da xente moza nos países de lingua alemá coas do noso país, e a confianza entre pais e fillos. Aprende refráns e modismos en alemán sobre os cartos e equivalentes en galego.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás (explicar costumes, manifestacións culturais, relacións familiares ou de amizade, relacións laborais). - Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración (coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas) e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos e de frases feitas e locucións básicas para elaborar os propios textos. - Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Utilización de estratexias de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
4	Dies und das	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comprender descrições, narracións, instrucións e opinións claras formuladas a través de diversos soportes de xeito simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, e no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.	Identifica e comprende o tema de textos escritos e orais sobre celebracións e festas populares e sobre o tempo, co apoio contextual que presentan. Iniciación á lectura autónoma de textos máis extensos relacionados cos seus intereses.	PE	40
CA1.10 - Aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos sinxelos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, á persoa destinataria, e ás características contextuais.	Utiliza fórmulas lingüísticas asociadas a situacións concretas de comunicación: inicio e final de producións escritas. Produce textos cohesionados, utilizando un léxico adecuado. . Corrección ortográfica e presentación coidada.		
CA1.16 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Participa en conversas informando sobre o tempo e as celebracións populares, mostrando respecto cara aos erros e as dificultades dos demais e aproveitando os propios para aprender. Respecta a quenda de palabra.	TI	60
CA2.6 - Valorar a adquisición dunha competencia plurilingüe suficiente, sen necesidade de alcanzar niveis de competencia iguais nin similares aos que posúe na súa lingua primeira ou máis usada.	Respecta as diferenzas de opinión e comprende as distintas perspectivas socioculturais. Valora a lingua alemá como medio de comunicación. Recoñece elementos socioculturais nos textos orais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Valorar criticamente, desde a consideración dos dereitos humanos, as manifestacións culturais (linguas, costumes, tradicións, crenzas relixiosas etc.) dos países nos que se fala a lingua estranxeira, e as múltiples formas de organización social que reflicte a diversidade cultural.	Realiza valoracións sobre as festas populares e celebracións habituais nos países de fala alemá e compáraas con outras celebracións do mundo. O tempo. Semellanzas e diferenzas entre Galicia e Alemaña Recoñece o rexisto e mais as fórmulas e estilos axeitados á situación de comunicación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: iniciar, manter e finalizar intercambios comunicativos; presentar e presentarse; describir as características máis significativas de persoas, obxectos e lugares; intercambiar información concreta sobre temas coñecidos e próximos á súa experiencia; situar acontecementos no tempo, expresar a cantidade e a situación no espazo. Dar e comprender instrucións e ordes predicibles; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, facer proposicións ou suxestións de forma moi sinxela; expresar o gusto ou o interese e emocións básicas; enlazar frases con conectores de uso común para narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciado sucesos futuros; expresar a opinión e a posibilidade; dar explicacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións básicas; expresar en textos sinxelos a posibilidade e a dúbida; e resumir. - Utilización de convencións e estratexias conversacionais básicas e de uso máis común, en formato síncrono o asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións básicas, reformular, comparar, resumir, colaborar etc. - Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de uso común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.). - Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos etc.; e os costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
5	Talente gesucht	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Inferir e explicar textos e conceptos breves, sinxelos e predicibles en situacións moi cotiás e familiares, e transmitir a terceiras persoas a información dun xeito simple, aínda que se deban usar palabras soltas ou axudarse de elementos non lingüísticos, mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Mobiliza información previa nas tarefas encomendadas. Identifica o tipo de texto. Formula hipóteses sobre contido e contexto. Alcanza a comprensión dos textos a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.	PE	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Buscar información en fontes confiáveis sobre temas de investigación de interese e persoal, educativo ou ocupacional considerando a selección das fontes de información adecuadas como parte esencial do proceso de investigación para o traballo ou proxecto que se está realizando.	Comprende a idea xeral e específica de diversos textos sobre os concursos de televisión e as películas internacionais Obtén información a partir de diversas fontes para a realización de tarefas específicas. Usa de bibliotecas convencionais e virtuais para obter información.	TI	75
CA1.11 - Participar en situacións interactivas de intercambios de información breves e sinxelos sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal elemental da cultura estranxeira, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Utiliza fórmulas lingüísticas asociadas a situacións concretas de comunicación: inicio e final de producións orais. Produce discursos cohesionados, utilizando un léxico adecuado.		
CA3.1 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, rexeitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Participa nos proxectos interdisciplinares e plurilingües que propón o centro a través dos distintos departamentos, da biblioteca e o EDL.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso moi común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, considerando as características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), a organización e a estruturación segundo o xénero (narrativo, descritivo, instrutivo e explicativo), a función textual e a estrutura. - Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais etc.). - Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. - Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e logra unha competencia comunicativa integrada. - Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos, a través de diferentes medios, con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
6	Heute hier, morgen dort	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos e comprensibles, previamente preparados, nun rexistro neutro ou informal, sobre temas cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias tales como a planificación, a compensación e a cooperación.	Leva a cabo presentacións orais sobre intercambios escolares e a residencia no estranxeiro, asumindo os propios erros como fonte de aprendizaxe. Recoñece elementos socioculturais nos textos. Usa estratexias básicas no proceso de composición oral (planificación, textualización e revisión).		
CA1.12 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave se o necesita e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Expresa a mensaxe con claridade e coherencia. Reaxusta a tarefa tras valorar as dificultades e os recursos. Usa estratexias de comunicación para iniciar, manter e rematar a interacción. Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos, paralingüísticos ou xestuais.	TI	100
CA2.2 - Participar na solución de problemas de incompreensión e de entendemento no seu contorno próximo, debidos á diversidade sociocultural e lingüística, resumindo, simplificando ou explicando mensaxes ou hábitos socioculturais sinxelos e coñecidos, para crear pontes e facilitar a comprensión e a comunicación.	Modifica palabras de significado parecido. Define ou parafrasea un termo ou unha expresión. Pide axuda se é preciso. Sinala obxectos, usa deícticos ou usa linguaxe corporal pertinente e prosodia convencional.		
CA3.2 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, identificando e rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo, e recoñecendo valores ecosociais, como a equidade, a reciprocidade e a solidariedade, como vías de solución.	Aprende a respectar aspectos e costumes típicos dos países de fala alemá a partir da idea de un intercambio escolar. Respecta as diferenzas de opinión e as distintas perspectivas socioculturais. Valora a lingua alemá como medio de comunicación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Utilización de unidades lingüísticas de uso moi común e significados asociados a estas, tales como a expresión da entidade (obxectos, persoas, ideas, estados, accións, sucesos etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), a cantidade e a calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (distancia, dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (anterioridade, secuencia...), formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, e relacións lóxicas máis habituais. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados. - Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes e estudantes da lingua estranxeira. - Manexo de expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). - Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación interpersonal e internacional, fonte de información, e ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No ensino de idiomas, a preocupación central debe ser a de motivar o alumnado para lle facilitar a aprendizaxe. Polo tanto, débese variar todo o posible a presentación dos contidos. Para iso utilízase material diverso, estimulante e orixinal, como, por exemplo, revistas, xornais, películas en versión orixinal e subtituladas, cintas de audio con cancións, con diálogos, con narracións, xogos, encrucillados adaptados aos diferentes niveis, libros de exercicios gramaticais, etc.

Recorreráse sobre todo ás actividades en grupo para que os alumnos intenten facer un traballo dedutivo das regras gramaticais e ser protagonistas da súa aprendizaxe. Trátase de afastarse das exposicións maxistras por parte do profesorado para favorecer a interacción entre os alumnos. En definitiva, preténdese utilizar métodos comunicativos centrados na figura do alumno, o que supón un cambio verbo dos métodos máis tradicionais, que se centran na figura do profesor e que lle deixan ao alumno pouca marxe para expresarse. Hoxe, o profesor debe ser un guía que organiza as clases, explica os conceptos e mais os procedementos a seguir e lle deixa aos alumnos unha certa liberdade para traballar con eles. Con todo, é recomendable contar cun método que lles sirva, tanto ao profesor como ao alumno, de base para presentar a materia dun xeito ordenado e poder ver as regularidades gramaticais máis facilmente. Os estudantes serán así beneficiarios dun método que reflicte as súas necesidades, expectativas e intereses, que lles permite avanzar dunha forma sistemática e ordenada, que facilita a adquisición da competencia comunicativa e que favorece a participación creativa na aprendizaxe.

A lingua de comunicación na aula é o alemán. Programaranse actividades que requiran do un traballo en parellas ou en grupo, xa que os alumnos prefiren falar en grupos pequenos que fronte a toda a clase.

Cada grupo ten as súas necesidades particulares, polo que é preciso adaptar e personalizar o curso na medida do posible. Por riba das diferentes prioridades, os diferentes problemas e as diferentes formas de estudar do ra alumnado, imponse desde o principio unha planificación racional con determinados obxectivos.

Un completo programa de idiomas debe incluír a atención ao léxico, á gramática, á fonética, á sociedade e á cultura. Así, e mediante unha ampla gama de actividades, o alumno pode avanzar progresivamente e adquirir as necesarias destrezas receptiva e produtiva.

Para fomentar a destreza receptiva pódense utilizar diferentes medios:

- A audición. Os diálogos, as cancións, os vídeos, os exercicios de fonética, etc.
- A lectura (diálogos, textos orixinais ou adaptados ao nivel, xornais e revistas, etc.).
- A explicación de contidos léxicos ou gramaticais, v.g., a través da mímica.
- A reflexión sobre o funcionamento do alemán a través de exercicios gramaticais e de vocabulario.

Tras a fase receptiva, e antes de chegar á fase de produción, convén levar a cabo unha fase de memorización e de automatización mediante actividades de repetición, exercicios de substitución, etc. Durante a fase de produción, tanto oral como escrita, póñense en marcha diferentes procedementos.

A práctica lingüística debe ser o máis parecida posible á comunicación na vida real. Esta é a razón de que salientemos sobre todo o traballo en parellas e en grupo, con escenificacións, reproducións de diálogos, etc. Tamén a produción escrita se fai de diferentes maneiras: mediante redaccións, resumos, esquemas, artigos, informes, comentarios, etc. Todo isto supón unha participación activa do alumno, que se percibe como protagonista nunha clase na que se utilizan vivencias, experiencias, coñecementos do mundo, intereses e sentimentos seus.

A aprendizaxe do idioma personalízase e facilítase. O alumno aprende dun xeito máis efectivo.

En definitiva, un curso de idiomas debe ofrecer:

- Unha implicación directa do alumno. O profesor facilitaralle as ferramentas necesarias para que poida lograr unha aprendizaxe significativa, axudarlle a desenvolver as súas propias capacidades mediante a activación dos seus coñecementos previos e, finalmente, farao participe da súa propia aprendizaxe mediante o fomento das técnicas de autocorrección, de cocorrección, de autoavaliación e de coavaliación.
- Un desenvolvemento das distintas facultades lingüísticas.
- Un material variado no que se incluírá un emprego exhaustivo de material auténtico, tanto en textos como en gravacións, que motive todos os alumnos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro do curso: Genial Klick Deutsch für Jugendliche - Kursbuch A2
Libro de exercicios: Genial Klick Deutsch für Jugendliche - Arbeitsbuch A2
Glosario A2 Alemán -Español
Dicionarios en papel e en liña
Aula virtual
Computador, proxector de vídeo e altosfalantes
Encerado
Encerado dixital

O material didáctico elixido para traballar na aula é geni@l klick. A2, da editorial Klett, que se compón dun libro do curso, un libro de traballo, un glosario e dous discos compactos con diálogos, textos de comprensión oral e cancións. Este material propón actividades adaptadas aos intereses, ás experiencias e mais ás ambicións do alumnado.

Traballarase as leccións 1 a 6 (unidades didácticas 1 a 6). Geni@l klick. A2 desenvolve un enfoque didáctico baseado sobre a comunicación e a adquisición da competencia comunicativa, e considera que a capacidade de comunicarse nunha lingua estranxeira é unha necesidade na sociedade contemporánea. Fomenta, de maneira dinámica e participativa, todos os aspectos necesarios para o ensino e a aprendizaxe dunha lingua estranxeira. É dicir, os usos e as formas de comunicación, a reflexión sobre a lingua e a súa aprendizaxe (lingua oral, lingua escrita, gramática, ortografía, léxico e fonética) e sobre os seus aspectos socioculturais. Dáselle valor ao desenvolvemento da autonomía na aprendizaxe como medio para implicar o alumnado. Promóvese a utilización de estratexias de aprendizaxe, deixando que o alumnado seleccione as máis axeitadas ao seu propio estilo.

Outros materiais didácticos que se poderán utilizar durante o curso son:

A) Lecturas complementarias no marco das actuacións do instituto destinadas ao fomento da lectura: Utilizaranse fragmentos de textos que poidan servir como punto de partida para a consolidación da comprensión lectora e da expresión oral e escrita. A lectura e a posterior discusión sobre estes textos escritos servirán para acadar os devanditos obxectivos.

B) Cine: Está prevista a proxección dunha ou varias películas en alemán. Traballarase con didactizacións que permitan aproveitar ao máximo os aspectos lingüísticos das obras.

C) Música: Traballarase na clase con música de grupos que cantan en alemán coa finalidade de fomentar sobre todo a destreza da comprensión oral. Elixiranse aquelas cancións que permitan a realización de múltiples exercicios gramaticais e creativos e que estimulen a motivación da clase.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsábel do seu material: libros, caderno ou cartafol cun espazo reservado para a materia de Alemán, etc.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Cómpre coñecer e valorar dun xeito rápido e áxil a situación educativa e emocional do alumnado, é dicir, o perfil e as características dominantes dos grupos, particularmente no tocante ao nivel de desenvolvemento das competencias e ao dominio dos contidos, con especial atención ás dificultades e ás necesidades de atención educativa.

Revisados os informes individualizados do alumnado, e para poder coñecer o nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular, levarase a cabo unha avaliación de acordo co seguinte deseño:

- Terá lugar durante as primeiras semanas do curso.
- Levarase a cabo recorrendo á observación directa.
- Realizarase mediante actividades dinámicas, fluídas e pausadas: sensibilización, pequenos intercambios orais,

interaccións que acheguen información sobre os coñecementos, as habilidades e as actitudes.

- Non se cualificará.

- Terá carácter orientador e será o punto de referencia para a toma de decisións relativas a unha implementación da programación didáctica axeitada ao perfil do alumnado.

- Fornecerá datos que poderán ser compartidos coas persoas titoras e co equipo docente nas xuntas de avaliación inicial convocadas polo Departamento de Orientación.

Coa información recollida na avaliación inicial e contrastada nas xuntas de avaliación inicial, decidírase a maneira de intervir nos casos en que se detectasen dificultades relevantes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	16	17	16	17	17	100
Proba escrita	40	40	20	40	25	0	27
Táboa de indicadores	60	60	80	60	75	100	73

Criterios de cualificación:

A) As unidades didácticas avalíanse mediante probas escritas, probas orais e táboas de indicadores.

A repartición trimestral das unidades didácticas é a seguinte:

- Primeiro trimestre: unidades didácticas 1- 2

- Segundo trimestre: unidades didácticas 3 - 4

- Terceiro trimestre: unidades didácticas 5 - 6

B) En cada trimestre fanse exercicios e probas que atenden as catro destrezas das linguas, e a maiores probas da gramática e vocabulario de cada tema:

a) Gramática

b) Vocabulario

c) Comprensión lectora

d) Expresión escrita

e) Audición

f) Expresión oral

C) O nivel de logro dos obxectivos previstos exprésase en forma numérica, como resultado de dividir entre 7 a seguinte suma:

Nota dos exercicios e probas de gramática

+ nota dos exercicios e probas de vocabulario

+ nota dos exercicios e probas de comprensión lectora

+ nota dos exercicios e probas de expresión escrita

+ nota dos exercicios e probas de comprensión oral

+ nota dos exercicios e probas de expresión oral

+ nota da valoración da responsabilidade (responsabilidade, constancia e capacidade de organización) e da participación (participación enriquecedora na dinámica da aula e cumprimento das normas de convivencia)

Debe terse en conta o seguinte:

- A nota máxima en cada exercicio ou proba é un 10.

- Cada unha das sete notas pondera exactamente igual.

- A nota de valoración da responsabilidade e da participación outórgase da seguinte maneira:

- Pártese dun 10 ao comezo do trimestre.

- En cada hora de clase obsérvase se o alumno satisfai as esixencias de: - Responsabilidade: deberes, controis de vocabulario, material didáctico, caderno, axenda, etc., concentración, respecto polo profesor e polos compañeiros,

etc.

- De non satisfacer algunha das esixencias mencionadas, apúntase a correspondente observación.
- As observacións apuntadas determinan se se mantén ou non a nota inicial de 10.
- Para superar a materia en cada trimestre, o alumno terá que conseguir unha nota mínima de 5.
- Se a nota media tivese centésimas, redondearase á alza a partir de 0,5.
- A nota final da avaliación ordinaria de xuño calcularase facendo a media das medias obtidas polo alumno nos tres trimestres.

Criterios de recuperación:

Actividades de reforzo e de recuperación:

Para o alumnado que teña pendente a materia do primeiro ou o segundo trimestre, e dado que a adquisición dunha lingua non é un estudo de temas perfectamente illados, senón un sistema progresivo de coñecementos encadeados, o Departamento de Alemán opta por un sistema de avaliación continua.

Con todo, se unha/un alumna/o non acada a nota mínima nun trimestre, séguese un procedemento cuxos elementos básicos son:

- a) Á/Ao alumna/o comunícanse os mínimos de consecución que precisa acadar.
- b) Tamén se lle comunican os exercicios e probas que ten que facer para acadar os mínimos de consecución.
- c) Esta comunicación faise dun xeito persoal, razoado e detallado.
- d) Á/Ao alumna/o ofrécese a posibilidade de facer os devanditos exercicios e probas nunha data acordada co profesor.
- e) Tamén se lle ofrece asesoramento para a preparación dos devanditos exercicios e probas.
- f) Os devanditos exercicios e probas teñen carácter voluntario.

No comezo do ano académico, o alumnado será informado do xeito en que vai ser avaliado.

O alumnado tamén será informado con regularidade sobre a súa situación verbo da propia aprendizaxe e verbo dos obxectivos que se espera acadar.

O alumnado que non superou o curso recibirá do profesorado de Alemán as instrucións de traballo e mais o apoio permanente para a superación da materia suspensa, de acordo coas seguintes pautas:

- O traballo será organizado con cada alumno ou alumna individualmente.
 - O material didáctico será o libro de texto do curso académico.
 - O alumnado recibirá clases específicas para recuperar a materia pendente, independentemente de que a profesora acorde co alumnado a posibilidade de realizar tarefas de recuperación.
- Sempre que o alumnado o precise, o/a profesor/a estará dispoñíbel.

6. Medidas de atención á diversidade

Enténdese atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

En consonancia coas medidas que a lexislación prevé que o equipo directivo, o profesorado titor e os servizos de orientación deben observar, como profesorado específico da materia de segunda lingua estranxeira cómpre levar a cabo estas outras:

- a) A colaboración co profesorado titor e coa xefatura do Departamento de Orientación na planificación e no desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e de aprendizaxe.
- b) A utilización de estratexias metodolóxicas promotoras da inclusión, da solidariedade, do traballo en equipo, do respecto á diferenza e da convivencia de todo o alumnado, informando AO o profesorado titor sobre o desenvolvemento persoal, social e educativo do alumnado que atende.
- c) A consideración dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa.
- d) A participación nas estratexias de coordinación entre o equipo docente, baixo a dirección do profesorado titor.

As medidas de atención á diversidade (MAD) deben ter un carácter preventivo e compensador. A primeira delas será a avaliación inicial, que constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Esa avaliación ten como principais finalidades adaptar as ensinanzas á alumna ou ao alumno e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe. Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan.

Segundo o perfil do alumnado, a atención á diversidade concretarase coas seguintes medidas:

a) O alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.

Porase en marcha un plan específico personalizado co fin de adaptar as condicións curriculares ás necesidades do alumnado, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico personalizado incluírá a identificación da alumna ou do alumno, a relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso, as medidas ordinarias aplicadas no curso anterior, as estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento, os recursos necesarios para o desenvolvemento do plan e, de ser o caso, a oferta de medidas extraordinarias.

As familias serán informadas deste plan, podendo acreditálo.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

b) O alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Por tratarse dunha segunda lingua estranxeira, é altamente probable que o alumnado cun retraso madurativo, con trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación fose proposto para unha exención nos dous primeiros cursos da ESO. Porén, é probable atopármolos con alumnado con trastornos de atención ou de aprendizaxe (TDAH, TDA, TEA, DEA etc.).

- Adoptarase un traballo en espiral, retomando o contido non adquirido inicialmente nun momento posterior de traballo, favorecendo así que o alumnado con trastornos de atención ou de aprendizaxe acade os obxectivos por abordar os contidos reiteradamente.

- Os materiais, instrumentos de avaliación e tempos de execución adaptaranse: tipo e tamaño das fontes, cores, espaciado, distribución no papel, material audiovisual complementario, etc.

- Sempre que sexa posible, levaranse a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.

- Este alumnado situarase estratéxicamente na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e minimizar as súas fontes de dispersión.

c) O alumnado con necesidades educativas especiais.

Na medida en que este alumnado, que afronta barreiras que limitan o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conducta, da comunicación e da linguaxe, escollen cursar esta segunda lingua estranxeira, poranse en marcha apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

- A lexislación prevé que as Administracións educativas doten este alumnado do apoio preciso desde o momento da súa escolarización ou da detección da súa necesidade, polo que, DE SER O CASO sempre que faciliten, estes recursos poranse á disposición do alumnado.

- Impartiranse as clases de maneira que o alumnado con algunha discapacidade física poida acceder aos materiais, explicacións, tarefas, instrumentos de avaliación de xeito normalizado, sen que a súa discapacidade supoña un impedimento. (Ex. material visual e tarefas escritas para o alumnado con problemas de audición, material manipulativo e sonoro para o alumnado con problemas de visión, naturalmente co apoio da Fundación Once, material adaptado dixitalmente para o alumnado con problemas motrices e dificultades para a escrita, etc.)

- Implicarase o alumnado con necesidades derivadas de trastornos graves da comunicación e da linguaxe nas mesmas tarefas que o resto do grupo aínda que con distintos niveis de apoio e esixencia, favorecendo así a súa integración no grupo.

- Proporase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.

d) O alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural

Cando se presenten desigualdades derivadas de factores sociais e familiares, de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e os propios centros docentes deberán asegurar a eliminación das barreiras, evitando a segregación deste alumnado no propio centro docente.

- De ser preciso, proporcionaráselle, nalgúns casos en calidade de préstamo, o material, funxible ou non, que requira para seguir con normalidade o discorrer das clases (ex. libros de texto, material funxible, fotocopias a custe cero, dispositivos e mesmo conexión a Internet).
- De ser preciso, ofrecerásenlle explicacións e material adicional que poidan contribuír a reducir ou facer desaparecer as desigualdades en orixe.
- De ser preciso, xestionarase a participación deste alumnado nas actividades complementarias e extraescolares que o Departamento organice.
- Na medida do posible, porase en valor transversalmente a orixe xeográfica, étnica ou cultural deste alumnado.
- Na medida do posible, evidenciaranse transversalmente os aspectos en común entre este alumnado e o resto do grupo de referencia (ex. idade, lugar de residencia, gustos musicais, etc.), favorecendo a integración e cohesión do grupo.
- Farase un seguimento estreito da asistencia, rendemento, hixiene, alimentación, etc. deste alumnado, informando rigurosamente ao profesorado titor.

e) O alumnado con altas capacidades intelectuais.

Este alumnado caracterízase por un potencial elevado nalgunha ou nalgunhas áreas do desempeño humano, en comparación cun grupo de referencia. Aadoita ter un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese. Cómpre, por tanto, identificalas.

- Adaptaranse as explicacións e os materiais, aportando complexidade e profundidade na medida en que sexan adquiridos.
- Propóranse actividades similares ás do grupo de referencia, aínda que cun grao de complexidade ou extensión superior, atendendo as demandas de carácter máis profundo do alumnado con niveis de partida máis avanzados ou cun interese maior sobre o tema estudado, evitando así a desmotivación.
- Evitaranse as tarefas repetitivas, que adoitan incidir negativamente no nivel de motivación, promovendo as que medren en complexidade e sexan variadas en temática e soporte.
- Na medida do posible, integranse as áreas de interese deste alumnado na temática dos materiais e proxectos.
- Propórase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.
- Propóráselle tarefas de ampliación que apelen á creatividade.

f) O alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo.

Este alumnado adoita presentar dificultades para acadar os obxectivos e as competencias que lle corresponderían pola súa idade. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfacemento curricular.

É moi posible que este alumnado xa fose proposto para unha exención da segunda lingua estranxeira nos dous primeiros cursos da ESO. De non ser así, e seguir cursando a materia en 3º ESO, pode ser necesario aplicar algunha das MAD relacionadas a continuación:

- Adaptar os materiais e as explicacións, aportando máis das usuais para así paliar as carencias que poidan existir e reducir as distancias co grupo de referencia.
- Sempre que sexa posible, levar a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.
- Situar estratéxicamente este alumnado na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e procurarlle certo apoio dos iguais.
- Adoptar un traballo en espiral, retomando o contido non adquirido inicialmente en momentos posteriores.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento social	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Coeducación	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Respecto mutuo entre iguais	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Valores que sustentan a liberdade e a democracia	X	X	X	X	X	X

Observacións:

A) Os elementos transversais están sempre presentes e trabállanse nas diferentes actividades que desenvolven os contidos das unidades didácticas.

B) Algúns elementos transversais trabállanse, dun xeito especial, nas conmemoracións como a do Día Internacional da Muller, o Día Internacional da Paz, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Viaxe de estudos a Múnic	O departamento organiza cada ano unha estadía nun país de fala alemá		X	
Charlas ás familias e ao alumnado dos colexios adscritos ao IES A. Xelmírez I	Cada ano ofrecemos charlas e información ao alumnado de 6º de primaria dos colexios adscritos e as súas familias sobre as vantaxes de estudar alemán		X	

Observacións:

A) Viaxe de estudos a Múnic: Como é habitual, o Departamento de Alemán organiza unha viaxe de estudos a un país de fala alemá, que no curso 2023-2024 ten as seguintes características:

a) Destino: Múnic (Alemaña)

b) Datas: 14 a 21 de marzo de 2024

c) Participantes: 23 alumnas/os escollidas/os entre as/os que, no curso 2023-2024, estean matriculadas/os en Alemán no 4º curso da ESO e no bacharelato e que cursasen a materia desde o 1º curso da ESO ou acreditan un nivel A2 de alemán

d) Acompañantes: o profesor Laureano Araujo e a profesora Sagrario Torrado

e) Tema central: historia contemporánea

f) Observación importante: a organización da viaxe de estudos está supeditada á situación económica das familias e mais ao desenvolvemento da guerra en Ucraína. Polo tanto, o Departamento de Alemán resérvase a opción de cancelar a actividade en calquera momento se entende que as circunstancias así o aconsellan.

B) Charlas ás nais / aos pais do alumnado do 6º curso de educación primaria: Como vén sucedendo desde o curso académico 2003-2004, o profesorado do departamento, acompañado polo director, pola orientadora e por colegas doutros departamentos de linguas estranxeiras, impárteles unha breve charla informativa ás nais / aos pais do alumnado do 6º curso de Educación Primaria dos colexios Raíña Fabiola e López Ferreiro sobre a posibilidade que van ter as súas fillas / os seus fillos de estudaren alemán no Instituto de Educación Secundaria Arcebispo Xelmírez I.

Este ano, a charla, que se vai facer co apoio dunha presentación de PowerPoint, terá lugar previsiblemente nos propios centros de primaria, e aproveitarase a ocasión para repartir entre as/os interesadas/os a folla informativa "O alemán no IES Arcebispo Xelmírez I de Santiago de Compostela"

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Realizo a programación da miña actividade educativa tendo como referencia o DECRETO 117/2023, do 27 de xullo, polo que se modifica o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, o polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. Adopto estratexias e programa actividades en función dos obxectivos didácticos, dos tipos de contidos e das características do alumnado. Planifico as clases de xeito flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación didáctica, e , sobre todo, acorde coas necesidades e intereses do alumnado. Establezo e comparto co alumnado os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer seguemento do progreso do alumnado e comprobo grao de consecución da aprendizaxe.
Metodoloxía empregada
Presento e propoño un plan de traballo, explicando a súa finalidade, antes de cada unidade. Relaciono os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos do alumnado. Informo dos progresos e das dificultades atopadas. Estruturo e organizo os contidos dando unha visión xeral de cada tema (mapas conceptuais, esquemas, que teñen que aprender, que é importante, etc.). Propoño actividades que aseguran a adquisición dos obxectivos didácticos previstos. Propoño actividades variadas. Corrijo e explico os traballos e actividades do alumnado e dou pautas para a mellora das súas aprendizaxes. Uso estratexias e procedementos de auto avaliación e co-avaliación en grupo que favorezan a participación do alumnado na avaliación. Utilizo diferentes técnicas de avaliación en función da diversidade. Utilizo diferentes medios para informar as familias, ao profesorado e ao alumnado dos resultados da avaliación.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Propoño actividades individuais e traballos en grupo. Distribúo o tempo adecuadamente. Adopto distintos agrupamentos en función das circunstancias da clase. Utilizo recursos didácticos variados. Teño en conta o procedemento xeral, que concreto na miña programación de aula, para a avaliación das aprendizaxes. Aplico os criterios de avaliación establecidos para as distintas áreas de coñecemento. Realizo unha avaliación inicial. Contemplo outros momentos de avaliación inicial: a comezos dun tema, dunha Unidade Didáctica, de novos bloques de contido... Utilizo suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos. Utilizo procedementos e instrumentos variados de recollida de información.
Medidas de atención á diversidade
Comprobo, de diferentes modos, que os alumnos e alumnas comprenderon a tarefa que teñen que realizar: facendo preguntas, facendo que verbalicen o proceso, etc. Facilito estratexias de aprendizaxe: como solicitar axuda, como buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións, problemas, dou ánimos e asegúrome a participación de todos e todas. Controlo frecuentemente o traballo dos alumnos: explicacións adicionais, dando pistas, feedback. Teño en conta o nivel de habilidades do alumnado, o seu ritmo de aprendizaxe, as posibilidades de atención, etc., e en función deles, adapto os distintos momentos do proceso de ensino- aprendizaxe (motivación, contidos, actividades. Coordínome con outros profesionais (profesorado de apoio, equipo de Orientación Educativa), para modificar e/o adaptar contidos, actividades, metodoloxía, recursos... aos diferentes ritmos e posibilidades de aprendizaxe.
Clima de traballo na aula
Asegúrome de que as relacións que establezo cos meus alumnos e alumnas dentro da aula e as que estes establecen entre si son correctas, fluídas e non discriminatorias. Favorezo a elaboración de normas de convivencia coa achega de todos e todas e reacciono de forma ecuánime ante situacións conflitivas. Fomento o respecto e a colaboración entre o alumnado e acepto as súas suxestións e achegas, tanto para a organización das clases como para as actividades de aprendizaxe. Proporciono situacións que facilitan aos alumnos o desenvolvemento da afectividade como parte da súa Educación Integral.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Reviso e corrixo frecuentemente os contidos, actividades propostas dentro e fose da aula, a adecuación dos tempos, dos agrupamentos e dos materiais utilizados. Proporciono información ao alumno sobre a execución das tarefas e como pode melloralas e favorezo procesos de auto avaliación e co- avaliación. En caso de obxectivos insuficientemente alcanzados propoño novas actividades que faciliten a súa adquisición. En caso de obxectivos suficientemente alcanzados en curto espazo de tempo, propoño novas actividades que faciliten un maior grao de adquisición.

Descrición:

O profesorado avalía a súa propia práctica docente en relación ao grao de adquisición das competencias por parte do alumnado.

Cos datos obtidos ao longo do curso, na memoria académica procuraranse identificar as dimensións das competencias que mellor adquirise o alumnado e detectar aquelas que rexistraron un menor grao de adquisición.

Estas conclusións poderán servir para propor melloras verbo da organización dos contidos, da súa secuenciación, das actividades de aprendizaxe ou de avaliación ou dos aspectos metodolóxicos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao remate de cada trimestre, a programación didáctica pode revisarse, se for preciso.

A devandita revisión, de ser necesaria, ten en conta os seguintes puntos:

A) Seguimento da programación didáctica no apartado correspondente do Proens:

- Indicadores de logro: para calcular o grao de cumprimento dos obxectivos por parte do docente debemos deseñar un instrumento de auto avaliación no que figuren a puntuación obtida (cunha notación, poñamos por exemplo, do 1 ao 5) sobre os indicadores de logro que se expuxeron no punto 8.1.

- Unidades didácticas: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas

- Propostas de mellora e outras observacións: en función da puntuación obtida sobre os indicadores de logro, haberá que reflexionar sobre os problemas que xurdiron, estudar as propostas que non funcionaron e propoñer posibles

melloras.

B) Actividades complementarias: feitas ou non?

C) As conclusións que se obteñen poden incluírse na memoria académica e servir para suxerir, se se considera oportuno, propostas de melloras de cara ao curso académico seguinte, verbo da organización dos contidos, da súa secuenciación, das actividades de aprendizaxe ou de avaliación ou dos aspectos metodolóxicos.

9. Outros apartados